



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, Ángeles
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Ríos Santomé, M^a. José
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaqueru Díaz, Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Fernández Iglesias, Manuel José
Valderrama Santomé, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 20 de abril de dous mil doce, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda nas salas de videoconferencia dos tres campus.

O día **20 de abril 2012**, ás 10:45 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de abril de 2012.
2. Nomeamento de Interventores.
3. Aprobación, se procede, das reclamacións á proclamación definitiva de candidaturas ás eleccións de representantes de estudantes aos consellos de departamento e ao Claustro Universitario.
4. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de abril de 2012.

A secretaria comunica que someterá a acta á aprobación da Comisión Electoral na próxima reunión.

Punto 2. Nomeamento de Interventores.

A presidencia expón que o candidato ás eleccións de representantes de estudantes ao Claustro Universitario pola Facultade de Dereito de Ourense, solicitou que fose nomeado interventor da mesa de dita facultade D. Jonathan Domínguez Rodríguez. A Comisión Electoral acepta expedir a credencial ao estudante proposto.

Punto 3. Aprobación, se procede, das reclamacións á proclamación definitiva de candidaturas ás eleccións de representantes de estudantes aos consellos de departamento e ao Claustro Universitario.

A presidencia expón que nos censos de estudantes de terceiro ciclo había varias anomalías, xa que non coincidían os censos expostos nos centros cos listados remitidos aos departamentos. Estas contradicións orixinaron que varios estudantes foran excluídos na proclamación provisional de candidatos. Aos estudantes que reclamaron, e adxuntaron copia

do listado do departamento, a Comisión Electoral aceptoulles no seu momento a reclamación e incluíu a ditos estudantes na proclamación definitiva.

As reclamacións presentadas foron:

- Dna. M^a Teresa Prado Cerqueira presentou unha nova reclamación por ser excluída na proclamación definitiva de candidaturas ao Consello de Departamento de Deseño da Enxeñaría (T01). A causa da exclusión foi que non estaba no censo de dito departamento publicado no centro, xa que constaba no Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03). Coa nova reclamación adxuntou o listado de estudantes de 3^o ciclo remitido pola Secretaría Xeral ao Departamento de Deseño da Enxeñaría, constando no listado que pertencía a dito departamento.

A Comisión Electoral, á vista do erro da administración, xa que existe unha contradición entre o censo oficial publicado nos centros e os listados de estudantes de 3^o ciclo remitido aos departamentos e, tendo en conta, que non se prexudica a ningún outro estudante, acordou aceptar a reclamación de incluír á citada estudante no Departamento de Deñseo da Enxeñaría.


- Dna. Nina Yarovenko presenta un escrito no que renuncia á súa candidatura para formar parte do Claustro Universitario pola Facultade de Ciencias do Mar. A presidencia comenta que dita renuncia supón que non sexa necesario celebrar eleccións en dita facultade. Acéptase a renuncia.

Punto 4. Rolda libre de intervencións.

D. Federico Fernández Fernández solicita que se demande un informe aos servizos informáticos sobre as anomalías atopadas nos censos dos etudantes de 3^o ciclo para depurar os erros.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 horas do día 20 de abril de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M^a Inmaculada Valeije Alvarez